



Concello de **OURENSE**

EXPEDIENTE: 2018020693

ASUNTO: EXAME DAS OFERTAS CORRESPONDENTES Á CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO ORDINARIO DA SUBMINISTRACIÓN EN LOTES DA RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE DIVERSAS LICENZAS DE SOFTWARE DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018020693)

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- O pasado 5/12/2018 a Mesa procedeu á apertura do sobre número 1, documentación administrativa, e acordou declarar admitidas á licitación ás seguintes empresas:

EMPRESA	NIF	LOTE
1. DISPAL ASTUR SA	A33204306	1, 2, 3
2. ASAC COMUNICACIONES SL	B33490426	4
3. NKE CAD SYSTEMS SL	B86798949	1, 2, 3
4. COREMAIN SLU	B15313505	5

Segundo.- A Mesa de Contratación en sesión de 14/12/2018 procedeu á apertura do sobre número 2, oferta económica, e resolve solicitar informe sobre as ofertas ao técnico do servizo de contratación.

INFORME

Tense procedido ao exame das ofertas presentadas co seguinte resultado para cada un dos lotes:

Lote: 1
Pto. Base licitación: 2.372,70 €

EMPRESA	Importe oferta	Importe baixa	% baixa sobre pto base	Dif baixa media	Baixa?	Puntuación
1 NKE CAD SYSTEMS SL	1.940,00 €	432,70 €	18,24%	-4,84%	non	100
2 DISPAL ASTUR SA	2.169,71 €	202,99 €	8,56%	4,84%	non	89,41

Lote: 2
Pto. Base licitación: 700,00 €

EMPRESA	Importe oferta	Importe baja	% baixa sobre pto base	Dif baixa media	Baixa?	Puntuación
1 NKE CAD SYSTEMS SL	585,00 €	115,00 €	16,43%	3,42%	non	100
2 DISPAL ASTUR SA	632,94 €	67,06 €	9,58%	-3,42%	non	92,43

Lote: 3





Concello de **OURENSE**

Pto. Base licitación: 18.629,16 €

	EMPRESA	Importe oferta	Importe baixa	% baixa sobre pto base	Puntuación
1	DISPAL ASTUR SA	18.506,15 €	123,01 €	0,66%	100
2	NKE CAD SYSTEMS SL	18.625,00 €	4,16 €	0,02%	99,36

Lote: 4
Pto. Base licitación: 6.528,05 €

	EMPRESA	Importe oferta	Importe baixa	% baixa sobre pto base	Puntuación
1	ASAC COMUNICACIONES SL	6.528,00 €	0,05 €	0,00%	100

Lote: 5
Pto. Base licitación: 3.108,03 €

	EMPRESA	Importe oferta	Importe baixa	% baixa sobre pto base	Puntuación
1	COREMAIN SLU	2.860,00 €	248,03 €	7,98%	100

Todas as ofertas axústanse ás condicións do prego e non se observan baixas anormais (maiores a dez puntos porcentuais con respecto á baixa media).

CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS POR ORDE DECRECIENTE

Á vista das actuacións anteriores, de conformidade co disposto no artigo 150.1 da LCSP, fórmulase a seguinte proposta á Mesa de Contratación, para a súa elevación á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP):

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación e os criterios de desempate previstos non prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración en lotes da renovación e mantemento de diversas licenzas de software do Concello de Ourense (expediente 2018020693) na seguinte orde decrecente:

LOTE	ORDE	EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
1	1	NKE CAD SYSTEMS SL	1.940,00 €	100
1	2	DISPAL ASTUR SA	2.169,71 €	89,41

LOTE	ORDE	EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
2	1	NKE CAD SYSTEMS SL	585,00 €	100
2	2	DISPAL ASTUR SA	632,94 €	92,43





Concello de **OURENSE**

LOTE	ORDE	EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
3	1	DISPAL ASTUR SA	18.506,15 €	100
3	2	NKE CAD SYSTEMS SL	18.625,00 €	99,36

LOTE	ORDE	EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
4	1	ASAC COMUNICACIONES SL	6.528,00 €	100

LOTE	ORDE	EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
5	1	COREMAIN SLU	2.860,00 €	100

Segundo.- Requiritur aos licitadores que quedaron en primeiro lugar en cada un dos lotes, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP) de entre a especificada no artigo 15 do prego de cláusulas administrativas particulares:

- NKE CAD SYSTEMS SL (lotes 1 e 2): Toda a documentación. Garantía definitiva por importe de 194 € (lote 1) e 58,50 € (lote 2)
- DISPAL ASTUR SA (lote 3): Documentos 2.3; 3; 4; 5; 6. Garantía definitiva por importe de 1.850,62 €.
- ASAC COMUNICACIONES SL (lote 4): Documentos 3; 4; 5; 6. Garantía definitiva por importe de 652,80 €.
- COREMAIN SLU (lote 5): Documentos 5 e 6. Garantía definitiva por importe de 286 €.

Doc. 1: Presentación do contratista, asinada. Débese completar unha folla cos seguintes datos:

- 1- Razón social da empresa:
- 2- CIF, NIF ou NIE:
- 3- Dirección física da empresa:
- 4- Provincia:
- 5- Cidade:
- 6- Cale/Estr.:
- 7- Núm./Km.:
- 8- Código postal:
- 9- Teléfono:
- 10- Fax:
- 11- Correo electrónico:
- 12- Nome do representante legal e núm. do DNI:
- 13- Persoa de contacto:
- 14- Número total de traballadores da empresa:
- 15- Sector:





Concello de **OURENSE**

Doc. 2: documentos que acrediten a personalidade do licitador e, no seu caso, da súa representación. A personalidade acreditarase:

2.1. Cando o licitador sexa unha persoa xurídica, mediante a presentación da escritura de constitución e de modificación, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil e do número de identificación fiscal (N.I.F.), cando a inscrición fose exigible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

Cando se trate de empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con certificación expedida pola Embaixada de España no Estado correspondente.

2.3. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia do DNI, así como documento de apoderamento debidamente bastantado que, para o caso de que o licitador for persoa xurídica, deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.

NOTA INFORMATIVA: O devandito bastanteo deberá emitirse pola Asesoría Xurídica do Concello de Ourense (previo pago da Taxa vixente)

Doc. 3: Certificación administrativa de non existir débedas de natureza tributaria en período executivo con Estado, Comunidade Autónoma; e xustificación de estar dado de alta e ao día no IAE, mediante a presentación do último recibo.

Doc. 4: Certificación administrativa, expedida por órgano competente, sobre o cumprimento das obrigacións da Seguridade Social e de estar ao corrente no pago das cotas e doutras débedas coa Seguridade Social.

Doc. 5: Solvencia Económica: Acreditarase segundo o indicado no artigo 9 deste prego.

Doc. 6: Solvencia Técnica: Acreditarase segundo o indicado no artigo 9 deste prego.

Doc. 7: Certificado de constituír a garantía definitiva na Tesouraría Municipal, na contía establecida no Artigo 7 deste prego.

A relación deberá ir acompañada de certificados de boa execución dos traballos expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade de dereito público ou mediante un certificado ou unha declaración do empresario privado, cando o destinatario sexa un suxeito privado.





Concello de **OURENSE**

Se no prazo anteriormente sinalado non se cumprimentase adecuadamente esta documentación, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, e requirirase a mesma documentación ao seguinte licitador, sen prexuízo da facultade que ten a mesa -se observase erros ou defectos materiais na documentación presentada que fosen emendables- de solicitarlle o licitador que emende o erro no prazo de cinco días. De conformidade co disposto no Artigo 150.2 da LCSP, no caso de que non se cumprimente este deber, procederá a esixírselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Terceiro.- Requirit de oficio ao Servizo de Recadación municipal certificado da inexistencia de débedas co concello das empresas que quedaron en primeiro lugar en cada un dos lotes.

É o meu informe que someto a calquera outro mellor fundado en dereito.

O técnico de administración xeral

